



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CONTROL AEROBIOLÓXICO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2024. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito con anterioridade á data de vencemento do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Vigo para a prestación do apoio técnico e desenvolvemento das actividades relacionadas co control aerobiolóxico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

No marco das competencias atribuídas á Consellería de Sanidade, é unha función esencial, dentro da misión da Dirección Xeral de Saúde Pública, o desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados aos determinantes de saúde. Entre estas actuacións atópase o control aerobiolóxico, polo seu grande interese clínico debido á capacidade alerxénica do pole e a súa utilidade para coñecer a dinámica atmosférica das partículas biolóxicas. Non obstante, a Consellería de Sanidade non dispón dos medios axeitados para realizar esta tarefa.

A Universidade de Vigo é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e entre os seus fins esenciais atópase o de contribuír ao avance tecnolóxico para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social. Concretamente, o Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo, o grupo de investigación BV1 (Planta, solo e aproveitamento de





subprodutos), ten unha dilatada experiencia neste eido e conta cunha liña de investigación específica de “Aerobioloxía” co obxectivo de estudar o pole, esporas e as proteínas alerxénicas atmosféricas das especies vexetais con interese alérgico e a predición das súas concentracións na atmosfera. Este departamento é o centro asociado á Rede Española de Aerobioloxía en Galicia.

Na última década levouse a cabo a monitorización do pole presente na atmosfera galega, tanto por motivos sanitarios como medioambientais para coñecer a dinámica das partículas. Como resultado dos convenios anteriores creouse a Rede Galega de Aerobioloxía, que conta cunha serie de captadores de control aerobiolóxico que permiten a elaboración de mapas, informes e predicións do contido polínico atmosférico na Comunidade Autónoma Galega.

Ambas institucións están interesadas en manter unha cooperación nestes ámbitos específicos, xa que os resultados que se obteñan permitirán ampliar o coñecemento sobre a distribución polínica da atmosfera galega e a dinámica das partículas que é moi importante a nivel sanitario.

Por conseguinte, sendo as partes intervenientes neste acto, conscientes da importancia destas actividades, deciden subscribir un convenio de colaboración para o control aerobiolóxico de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

